



PASEN POR PRADOS VELLOS, ANTES DE IR A BARALLOBRE.

Moito fútbol neste último fin de semana de setembro. Todos os equipos, agás cadetes (descansan) e prebenxamíns (comezan a semana próxima) teñen competición este fin de semana. Ares, 28 de setembro de 2017. **MODESTOS:** Bonito partido o que disputarán o Barallobre e o Numancia o domingo as 17:00 no mítico campo de herba natural na ribeira de O Ramo. Un clásico entre veciños que chega cos dous equipos no alto da clasificación, xa que os dous contan os seus catros partidos por vitorias. Agárdase unha boa presenza da Marea Vermella en terras fenesas este domingo.

XUVENÍS: O sábado as 16:30 en Prados Vellos buscarán consolidarse na zona alta da clasificación. Para iso deberán vencer a un Amistade Meirás que a bo seguro venderá moi cara a súa pel en terras aresás.

INFANTÍS: Xogan despois do xuvenís o sábado. Ás 18:30, gran derbi de infantís entre o Numancia e o Galicia de Mugarodos. Un partido que sempre é unha festa entre veciños, con rivalidade sana no campo e nas bancadas. Non quedes na casa e ben a disfrutar da sesión contínua de bo fútbol o sábado en Prados Vellos.

FÚTBOL - 8: O venres temos dous partidos de Liga en Prados Vellos. As 18:00 o alevín "A" recibe o AD Miño. As 19:00 o benxamín comeza a Liga ante o Galicia de Caranza. Festa do fútbol - 8 o venres en Prados Vellos. Por outra parte, o alevín "B" desprazarase o sábado ata Ortigueira para medirse as 12:00 no campo de San Claudio ante o equipo local.

¡¡¡AUPA NUMANCIA!!!